	De conformidade co establecido no punto 4 da Programación.
	Que aspectos se van valorar dentro da observación do traballo na aula?
	Os aspectos recollidos no bloque 5 do punto 4 da Programación.
	Como se recupera unha proba non superada?
	Unha proba concreta non superada non terá necesariamente que ser recuperada se a cualificación xeral desa avaliación é positiva atendendo aos criterios xerais de avaliación.
	Como se recupera unha avaliación non superada?
A recuperación de avaliacións pendentes durante o propio curso farase a través de probas específicas destinadas a tal fin. Prevese a realización dunha proba por cada avaliación pendente e unha a final de curso para o conxunto de avaliacións pendentes. Os contidos prácticos poden darse por recuperados automaticamente se se acadou o nivel requirido na proba correspondente da seguinte avaliación.	
Como se establece a cualificación da avaliación final ordinaria?	
Superar a avaliación final ordinaria requirirá ter unha nota mínima de catro en cada unha das avaliacións, sempre que a media das tres avaliacións sexa superior a cinco. Para determinar a cualificación final terase en conta como norma básica a media das tres avaliacións, e tamén se tomará en consideración a tendencia das cualificacións ao longo do curso, especialmente no aspecto práctico da materia, ademais dos aspectos actitudinais sinalados no apartado referido aos criterios de cualificación.	
Aspectos específicos en torno á avaliación:	
Faltas de ortografía: en aras de contribuir á mellora da Competencia Lingüística do alumnado, nas probas escritas establecemos un criterio de avaliación que supón a penalización de 0,05 puntos por falta de ortografía, a contar a partir da sexta falta. A penalización máxima total será de 2 puntos.	
Anulación de probas: unha proba será anulada no caso de que o alumnado sexa sorprendido tratando de copiar nela calquera que sexa a técnica empregada a tal fin.	
Tarefas: á marxe da súa atribución concreta a un bloque de contidos específico, a non realización das tarefas encomendadas (calquera que sexa o seu formato) terá incidencia directa no bloque relativo ás actitudes, como manifestación clara de falta de interese e compromiso cara á materia. En particular establécese que a non realización de polo menos o 30% das tarefas encomendadas impide a avaliación positiva na materia; e que a avaliación das tarefas pode supoñer ata dous terzos do peso do bloque referente ás actitudes.	

3	Procedemento de avaliación final
	Quen debe ir á avaliación final?
	Quen teña unha cualificación inferior a catro nunha das avaliacións, ou téndoa superior en todas non acadou o cinco de nota media entre as tres avaliacións.
	En que consistirá a proba?
	En función das circunstancias concretas do caso, poderá realizarse unha proba obxectiva escrita ou oral ou ben a presentación dunha tarefa relacionada cos contidos non superados.
	Que estándares se van avaliar?
	Todos.
	Como se elabora a cualificación final?
Os estándares avaliados cualificaranse de conformidade co peso a eles atribuído no apartado 4 desta programación.	
Que criterios segue o centro para a promoción?	
Os recollidos no artigo 23 do Decreto 86/2015, de 25 de xuño. Durante este curso e á vista das modificacións realizadas durante o curso pasado en materia de criterios de promoción e titulación, estarase ao disposto na normativa específica que regule esta materia.	

6.- AVALIACIÓN Inicial, continua, final, extraordinaria. Pendentes

4	Procedemento de avaliación extraordinaria	<p>A avaliación final extraordinaria farase con base nunha proba específica na que, con carácter xeral, os contidos serán os correspondentes a todo o curso, con independencia dos resultados obtidos nas avaliacións ordinarias. Esta proba consistirá nun exame teórico para os contidos de carácter conceptual e nunha proba práctica para aqueles relacionados coa interpretación. Excepcionalmente poderá acudir aos exames da convocatoria extraordinaria só cunha das partes (teórica ou práctica) da proba. Neste caso a cualificación obtida fará media coa outra parte da materia xa superada en xuño, de acordo cos criterios xerais de avaliación.</p>
5	Procedemento de recuperación e avaliación de pendentes	<p>Como se fará o seguimento?</p> <p>No actual curso académico estableceuse no horario do departamento unha hora semanal para atender ao alumnado que pasara a cuarto curso coa materia de Música de 2º e/ou 3º da ESO pendente. Dita sesión presencial terá lugar os martes de 16:40 a 17:30. Nela resolveranse as dúbidas do alumnado sobre a materia e propoñeránselles actividades de repaso para realizar ao longo da semana. O traballo regular guiado polo profesor/-a encargado do apoio a alumnos coa materia pendente (considerando como tal a presentación dos traballos propostos, a atención, o esforzo, o interese en mellorar...), pódese considerar requisito dabondo para recuperar a materia. Se durante o transcurso do curso fose preciso o paso a unha situación de ensino semi presencial ou non presencial, esta titoría de pendentes adaptaríaase tamén ás citadas circunstancias.</p> <p>Como se avalía?</p> <p>En función da asistencia e aproveitamento ás sesións establecidas para alumnado coa materia pendente, cando da observación do traballo realizado se derive que o alumno ou alumna acadou as competencias pertinentes. En todo caso tamén se establecerán exames trimestrais e un exame final para os alumnos que se atopen nesta situación.</p> <p>Como se elabora a cualificación final. Ponderación, redondeos, etc?</p> <p>En función do peso dos estándares considerados como fundamentais, traballados nas clases de pendentes e comunicados ao alumnado.</p>

1.- AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO E DA PRÁCTICA DOCENTE	Escala			
(Indicadores de logro)	1	2	3	4
Proceso de ensino:				
1.- O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado?				
2.- Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreza a aprendizaxe?				
3.- Conseguiuse motivar para conseguir a súa actividade intelectual e física?				
4.- Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado?				
5.- Contouse co apoio e implicación das familias no traballo do alumnado?				
6.- Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado?				
7.- Tomouse algunha medida curricular para atender al alumnado con NEAE?				
8.- Tomouse algunha medida organizativa para atender al alumnado con NEAE?				
9.- Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado?				
10.- Usáronse distintos instrumentos de avaliación?				
11.- Dáse un peso real á observación do traballo na aula?				
12.- Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo?				

1.- AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO E DA PRÁCTICA DOCENTE	Escala			
Práctica docente:	1	2	3	4
1.- Como norma xeral fanse explicacións xerais para todo o alumnado				
2.- Ofrécese a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa?				
3.- Elabóranse actividades de distinta dificultade atendendo á diversidade				
4.- Elabóranse probas de avaliación de distinta dificultade para os alumnos con NEAE?				
5.- Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar?				
6.- Intercálase o traballo individual e en equipo?				
5.- Poténcianse estratexias de animación á lectura e de comprensión e expresión oral?				
6.- Incorporáanse ás TIC aos procesos de ensino - aprendizaxe				
7.- Préstase atención aos temas transversais vinculados a cada estándar?				
8.- Ofrécese ao alumnado de forma inmediata os resultados das probas/exames, etc?				
9.- Coméntase co alumnado os fallos máis significativos das probas /exames, etc?				
10.- Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus fallos?				
11.- Cal é o grao de implicación nas funcións de titoría e orientación do profesorado?				
12.- Realizáronse as ACS propostas e aprobadas?				
13.- As medidas de apoio, reforzo, etc establécense vinculadas aos estándares?				
14.- Avaliáase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación,... ?				

2.- AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

1.- Mecanismo de revisión
Periodicidade:
Levarase un control en cada unha das reunións de departamento convocadas.
Medidas a adoptar:
Reaxustarase as actividades para poder levar a cabo toda a avaliación de estándares previstas. No caso de que se faga necesaria á supresión dalgun elemento recollido no punto 4 desta programación procederase coa seguinte priorización ata axustala ao tempo restante.
<ol style="list-style-type: none"> 1. Eliminaranse algúns dos instrumentos de algúns dos estándares. 2. Eliminaranse algúns dos estándares. 3. Eliminaranse algúns dos bloques.
Ditos cambios quedaran reflectidos nas diferentes reunións de departamento e transmitirase a información ao alumnado afectado polo cambio.

2.- Mecanismo avaliación e modificación de programación didáctica	Escala			
(Indicadores de logro)	1	2	3	4
1.- Deseñáronse unidades didácticas ou temas a partir dos elementos do currículo?				
2.- Secuenciáronse e temporalizáronse as unidades didácticas/temas/proxectos?				
3.- O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e temporalización?				
4.- Engadiuse algún contido non previsto á programación?				
5.- Foi necesario eliminar algún aspecto da programación prevista?				
6.- Secuenciáronse os estándares para cada unha das unidades/temas?				
7.- Fixouse un grao mínimo de consecución de cada estándar para superar a materia?				
8.- Asígnouse a cada estándar o peso correspondente na cualificación ?				
9.- Vinculouse cada estándar a un/varios instrumentos para a súa avaliación?				
10.- Asociouse con cada estándar os temas transversais a desenvolver?				
11.- Fixouse a estratexia metodolóxica común para todo o departamento?				
12.- Estableceuse a secuencia habitual de traballo na aula?				
13.- Son adecuados os materiais didácticos utilizados?				
14.- O libro de texto é adecuado, atractivo e de fácil manipulación para o alumnado?				
15.- Deseñouse un plan de avaliación inicial fixando as consecuencias da mesma?				
16.- Elaborouse unha proba de avaliación inicial a partir dos estándares?				
17.- Fixouse para o bacharelato un procedementos de acreditación de coñecementos previos?				
18.- Establecéronse pautas xerais para a avaliación continua: probas, exames, etc.				
19.- Establecéronse criterios para a recuperación dun exame e dunha avaliación				
20.- Fixáronse criterios para a avaliación final?				
21.- Establecéronse criterios para a avaliación extraordinaria?				
22.- Establecéronse criterios para o seguimento de materias pendentes?				
23.- Fixáronse criterios para a avaliación desas materias pendentes?				
24.- Elaboráronse os exames tendo en conta o valor de cada estándar?				
25.- Defíníronse programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares?				
26.- Leváronse a cabo as medidas específicas de atención ao alumnado con NEE?				
27.- Leváronse a cabo as actividades complementarias e extraescolares previstas?				
28.- Informouse ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos?				
29.- Informouse ás familias sobre os criterios de promoción? (Artº 21º, 5 do D.86/15)				
30.- Seguiu e revisouse a programación ao longo do curso?				
31.- Contribuíuse desde a materia ao plan de lectura do centro?				
32.- Usáronse as TIC no desenvolvemento da materia?				

Observacións:

8- ATENCIÓN A DIVERSIDADE

Como se puxo de manifesto no apartado dedicado á metodoloxía, a atención á diversidade, a construción do coñecemento partindo da competencia inicial do alumnado e o respecto aos diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe son elementos básicos da nosa práctica metodolóxica. De conformidade con eles e en estreita colaboración co departamento de orientación o profesorado do departamento tomará en cada momento as medidas que se consideren máis axeitadas para cubrir as necesidades específicas de aprendizaxe de cada alumno ou alumna, dentro das limitacións que o tempo, o tamaño das aulas e a amplitude dos currículos imponen á nosa tarefa docente.

Non obstante o primeiro paso para a adopción das devanditas medidas é a detección do alumnado que as require, proceso que non se poderá dar por completado neste curso ata a terceira semana de outubro, momento no que terán lugar as avaliacións iniciais.

Neste curso académico en particular, a atención a diversidade está moi ligada á eventualidade da volta a un ensino non presencial (ou semi presencial, no seu caso). Á dita atención pasa por evitar que a falta de recursos dea lugar ao que se coñece como fenda dixital. Nese sentido e dende comezo de curso se pretende detectar a posible existencia de alumnado con dificultades de conexión, así como testar o funcionamento das canles que chegado o momento han servir como vías de comunicación co alumnado (aulas virtuais, Edixgal, correos electrónicos e ferramentas similares).

Medidas de atención á diversidade no presente curso

1.- MEDIDAS ORDINARIAS	A) ORGANIZATIVAS
	Adecuouse a estrutura organizativa do centro e/ou da aula para algún alumno/a ou grupo?
	a) Agrupamentos diferenciados para alumnos/as ou grupos? Non foron necesarias
	a) Tempos diferenciados, horarios específicos, etc. O profesorado está dispoñible para facer reforzos no tempo de lecer para aquel alumnado que o precise.
	b) Espazos diferenciados? Non foron necesarias
	c) Materiais e recursos didácticos diferenciados? Non
	Faise algún desdoblamento de grupos? Os desdobramentos precisos na ESO e no BAC para garantir o distanciamento social imposto como medida na loita contra a COVID-19 (incluída a separación en horario de mañá para a ESO e de tarde para o Bacharelato).
	Faise algún reforzo educativo e/ou apoio de profesorado na aula? Non
	Faise algún reforzo e/ou apoio fóra da/s aula/as a algún alumno/a? Si.
	Que medidas se propoñen para o alumno enviado á aula de convivencia? A reflexión sobre a conducta que motivou esta circunstancia e o traballo individual sobre os contidos que se estaban a traballar na aula.

1.- MEDIDAS ORDINARIAS	B) CURRICULARES
	a) Faise algunha adaptación metodolóxica para algún alumno/grupo como traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos, etc.? Valorarase, no caso de estimarse necesario.
	b) Adáptanse os tempos e/ou os instrumentos de avaliación para algún alumno/a? Si.
	c) Existe algún programa de reforzo en áreas instrumentais (LC/LG/MT)? Non.
	d) Existe algún programa de recuperación de materias non instrumentais? Si.
	e) Existe algún programa específico para alumnado repetidor da materia? Non.
	f) Aplicase ese programa específico personalizado para repetidores da materia?. Non.

2.- MEDIDAS EXTRAORDINARIAS	A) ORGANIZATIVAS
	a) Existe algún grupo de adquisición das linguas (para alumnado estranxeiro)? Aplicase un reforzo individualizado ó alumnado estranxeiro que o precisa.
	b) Existe algún grupo de adaptación da competencia curricular(Al. estranxeiro)? Non hai
	c) Existe algunha outra medida organizativa: escolarización domiciliaria, escolarización combinada, etc.? Non hai

2.- MEDIDAS EXTRAORDINARIAS	A) CURRICULARES
	a) Existe algunha Adaptación Curricular na materia? ¿Cantas? Non que se coñezan a día de hoxe
	b) Foi autorizado para a materia algún agrupamento flexible/específico? Non.
	c) Existe algún Programa de Mellora do Aprendizaxe e Rendemento (PMAR)? Non.
	d) Flexibilizouse para algún alumno/a o período de escolarización? Non, que saibamos ao momento de entregar esta Programación.
	e) Describir o protocolo de coordinación co profesorado que comparte co titular da materia, os reforzos, apoios, adaptación, etc. (Coordinación cos PT/AL/Outro profesorado de apoio/profesorado agrupamento/ etc. Non hai tales apoios nesta materia.

9. Actividades complementarias e extraescolares

O feito de depender á hora de organizar actividades das propostas das entidades que as convocan, fai que neste momento non podamos coñecer con certeza cales van ter lugar, e se imos ou non participar nelas. En particular no actual curso 2020/2021 a incerteza provocada pola incidencia da Covid-19 e a súa posible evolución futura fai máis que probable que actividades do tipo das que se celebraron en cursos pasados non se podan realizar neste. Non obstante consideramos axeitado recollelas en previsión de que unha evolución favorable da pandemia permita a realización dalgunhas delas, sempre adaptadas ás previsións que en cada suposto establezan as entidades organizadoras.

Concertos didácticos do Festival de Jazz de Lugo.

Concertos didácticos pertencentes ao ciclo de música contemporánea MuhlSons.

Concerto didáctico sobre música coral de "Sólo Voces".

Participación no programa Musiqueando

Visita á Exposición de instrumentos musicais do Centrad.

Asistencia a un Musical en Madrid.

Todas aquelas actividades que nos sexan propostas e consideremos de interese para o noso alumnado.

10. DATOS DEPARTAMENTO

Materia	Curso	Grupos	Profesor/a
Música	2º ESO	A, B, C	Belén Gato Gómez
Música	2º ESO	D, E, F	Miguel Ángel Díaz Valdés
Música	3º ESO	B, C, E, F	Miguel Ángel Díaz Valdés
Música	3º ESO	A, D	Alejandro Chousa Méndez
Artes Escénicas e Danza	4º ESO		Belén Gato Gómez
Linguaxe e Práctica Musical	1º BAC		Belén Gato Gómez
Historia da Música e da Danza	2º BAC		Miguel Ángel Díaz Valdés

Aprobación desta programación e envío

Data aprobación:	15/10/20
Entregada á X. Estudos	15/10/20
Data envío Inspección	

PROGRAMACIÓN do DEPARTAMENTO DE MÚSICA

LINGUAXE E PRÁCTICA MUSICAL

1º BACHARELATO

2020/2021

3.- Contexto

1.- Contexto do centro

Características do centro
Situación: O IES "Nosa Señora dos Ollos Grandes" é un centro público de ensino secundario e Bacharelato, situado a moi pouca distancia do centro histórico da cidade de Lugo.
Centros adscritos: CEIP "Anexa" (Lugo); CEIP "Manuel Mallo Mallo" (Nadela); e CEIP "Virxe da Luz" (Portomarín).
Características singulares Trátase dun centro urbano situado nas proximidades doutro IES ("Lucus Augusti"), un CEIP ("Anexa"), un CIFP ("Politécnico"); e da Escola Universitaria de Formación do Profesorado. No que atinxe á materia de música é especialmente salientable a presenza dun bo número de alumnos e alumnas que asisten a clases no tamén próximo Conservatorio Profesional de Música "Xoán Montes".
Características do alumnado
Lingua materna dominante Castelán no alumnado procedente da cidade, e galego no caso do alumnado procedente do medio rural.
Alumnado con NEAE no curso actual Non detectado á hora de realizar esta programación
Problemas sociais destacados: (Abandono escolar, poboación emigrante, absentismo, violencia e/ou acoso escolar, etc.) Non detectado á hora de realizar esta programación
Outras características Non hai nada destacable que non fora mencionado anteriormente

2.- Obxectivos (Adaptados ao contexto do centro e do alumnado)

1	Exercer a cidadanía democrática, dende unha perspectiva global, e acadar unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española o do Estatuto de Autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade..
2	Consolidar unha madurez persoal e social que lle permita actuar de xeito responsable e autónomo e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
3	Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.
4	Afianzar hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
5	Dominar, tanto na súa expresión oral coma na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
6	Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
7	Empregar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.
8	Cofecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora da súa contorna social.
9	Acceder aos cofecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.
10	Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Cofecer e valorar de xeito crítico a contribución da ciencia e da tecnoloxía no cambio nas condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sostible do territorio, con especial atención ao territorio galego.
11	Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
12	Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
13	Empregar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e favorecer conductas e hábitos saudables.
14	Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.
15	Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

4.- Secuenciación e temporalización dos contidos LPM

Avaliacións	UNIDADES DIDÁCTICAS			MATERIAIS	Temporalización				
	Tema	Bloque	CONTIDO		Mes	Nº sesións			
1ªaval.	Tema 1	B1.6	Práctica da lectura articulada e da escritura tanto melódica como harmónica nas claves de sol e fá en cuarta, e da escritura tanto melódica como harmónica.	Achegados polo profesor	Set/Out	15			
		B3.2	Coñecemento das grafías e dos termos relativos á expresión musical, á dinámica, ao tempo, á agónica, á articulación musical e ao ataque dos sons.						
		B3.3	Aproximación ás grafías contemporáneas.						
	O SON	B5.1	O fenómeno físico-harmónico; movemento ondulatorio; a serie de Fourier.						
		B5.2	Características acústicas dos instrumentos: instrumentos transpositores e electrónicos; manipulación artificial do son.						
		B5.4	A transmisión e o amortecemento do son.						
		B5.5	O sinal analóxico e o sinal dixital. A dixitalización do son analóxico.						
		B5.6	A síntese do son: mostraxe (samplers); os filtros de frecuencia e multipistas.						
	B5.8	Tipos de software musical: secuenciadores.							
	***	En táboa aparte relaciónanse os contidos comúns a todos os temas.							
	Tema 2	B2.1	Percepción e identificación do pulso, dos acentos, e dos compases binarios, ternarios e cuaternarios.				Achegados polo profesor	Out/Nov/Dec	18
		B2.2	Percepción, identificación e transcrición de fórmulas rítmicas básicas orixinadas polo pulso binario e ternario.						
		B2.3	Percepción, identificación e transcrición de signos que modifican a duración, síncope, anacrusas, notas a contratepo, cambios de compás, grupos de valoración especial, equivalencias pulso-pulso e fracción-fracción, etc.						
		B2.7	Recoñecemento auditivo e transcrición dos esquemas rítmicos, das melodías, dos intervalos e dos fragmentos melódicos resultantes da combinación dos devanditos elementos.						
B3.1		Coñecemento das grafías das fórmulas rítmicas, simultaneidade de ritmos, signos que modifican a duración, síncope, anacrusa, notas a contratepo, grupos de valoración especial contidos en un ou varios pulsos, etc.							
B3.5		Coñecemento e comprensión dos ritmos característicos das danzas e das obras musicais.							
B4.7		Desenvolvemento da lateralidade mediante a realización simultánea de diferentes ritmos básicos.							
***	En táboa aparte relaciónanse os contidos comúns a todos os temas.								

Avaliacións	UNIDADES DIDÁCTICAS			MATERIAIS	Temporalización				
	Tema	Bloque	CONTIDO		Mes	Nº sesións			
2ª Avaliación	Tema 3	B2.7	Recoñecemento auditivo e transcrición dos esquemas rítmicos, das melodías, dos intervalos e dos fragmentos melódicos resultantes da combinación dos devanditos elementos.	Achegados polo profesor	Xan/Feb	16			
		B3.4	Coñecemento das normas de escritura melódica.						
		B3.6	Coñecemento e comprensión de escalas, funcións tonais, intervalos, cadencia, acordes básicos e complementarios, tonalidade, modalidade e modulación.						
		B3.10	Ámbito sonoro das claves e a súa relación entre elas.						
		B1.3	Entoación individual e colectiva de escalas, intervalos melódicos, harmónicos, arpejos e acordes.						
		B5.8	Tipos de software musical: editores de partituras.						
	***	En táboa aparte relaciónanse os contidos comúns a todos os temas.							
	Tema 4	B2.5	Percepción, identificación auditiva e transcrición das escalas, funcións tonais, acordes maiores e menores, acordes de sétima dominante e de sétima disminuída, cadencias e os modos e intervalos fóra do concepto tonal.				Achegados polo profesor	Feb/Mar	17
		B2.10	Transcrición dos esquemas harmónicos das obras escoitadas.						
		B3.7	Coñecemento dos principais sistemas de cifrado harmónico.						
B5.3		Fundamentos dos sistemas de afinación. Proporcións asociadas aos intervalos: consoancia e disoancia. Serie harmónica. Índices acústicos. Diapasón.							
***	En táboa aparte relaciónanse os contidos comúns a todos os temas.								

4.- Secuenciación e temporalización dos contidos LPM

Avaliacións	UNIDADES DIDÁCTICAS			MATERIAIS	Temporalización				
	Tema	Bloque	CONTIDO		Mes	Nº Sesións			
3ª Avaliación	Tema 5	B2.2	Coñecemento das grafías e dos termos relativos á expresión musical, á dinámica, ao tempo, á agónica, á articulación musical e ao ataque dos sons.	Achegados polo profesor	Abril/Maio	16			
		B3.8	Coñecemento da ornamentación musical.						
		B3.9	Comprensión do efecto que producen na música os sons da ornamentación e intensificación expresiva.						
		B5.11	Realización de sonorizacións a través da improvisación, composición ou selección musical de textos ou de imaxes.						
	***	En táboa aparte relaciónanse os contidos comúns a todos os temas.							
	Tema 6	B2.4	Identificación auditiva das características morfolóxicas básicas das obras musicais, tanto as que teñen como fundamento a linguaxe da música culta como as que teñen como fundamento as linguaxes musicais contemporáneas, o jazz, a música tradicional, o rock, o flamenco e as músicas do mundo.				Achegados polo profesor	Maio/Xuño	17
		B2.6	Recoñecemento comprensivo das texturas musicais e dos timbres instrumentais nas obras escoitadas ou interpretadas.						
		B4.5	Achegamento aos procesos compositivos máis habituais.						
		B5.9	Práctica dos sistemas de gravación, analóxica ou dixital, de procesamento de sons de comunicacións MIDI en interpretacións ou creacións propias.						
		B5.10	Emprego da música con soporte electrónico en producións escénicas ou audiovisuais.						
***	En táboa aparte relaciónanse os contidos comúns a todos os temas.								

CONTIDOS COMÚNS A TÓDOLOS TEMAS

BLOQUE	CONTIDO
B1.1	Emprego da voz, individual ou colectivamente, partindo do coñecemento do aparato fonador, o seu funcionamento, a respiración, a emisión, a articulación, a relaxación e máis a afinación.
B1.2	Interpretación vocal atendendo ás explicacións relativas á expresión, á dinámica, á agónica, á articulación dos sons e os seus ataques, e á ornamentación musical.
B1.4	Interiorización do pulso.
B1.5	Interpretación instrumental atendendo ás indicacións relativas á expresión, á dinámica, á agónica, á ornamentación musical, á articulación dos sons e aos seus ataques.
B1.7	Práctica da lectura de notas, sen clave, aténdose ao debuxo interválico.
B1.8	Práctica da lectura de obras musicais, empregando partituras.
B2.8	Reproducción vocal memorizada dos esquemas rítmicos, das melodías, dos intervalos e dos fragmentos melódicos resultantes da combinación dos devanditos elementos.
B2.9	Identificación de erros ou diferenzas entre un fragmento escrito e un fragmento escoitado.
B4.1	Realización vocal ou instrumental de fórmulas rítmicas orixinadas polo pulso binario e ternario e polas súas variantes.
B4.2	Improvisación, tanto individual como colectiva, de breves melodías.
B4.3	Utilización das escalas e acordes máis habituais no sistema tonal e modal.
B4.4	Interpretación memorizada de obras ou fragmentos músico-vocais axeitados ao nivel, con ou sen acompañamento.
B4.6	Utilización da expresión corporal e do movemento como complemento ao feito musical.
B4.8	Participación activa na organización e na realización de actividades musicais desenvolvidas en diferentes contextos.
B4.9	Participación na organización e realización de actividades con respecto e disposición para superar estereotipos e prexuízos, tomando conciencia, como parte dun grupo, do enriquecemento que se produce coas achegas dos demais.

4. Avaliación de criterios e estándares

NOTA: Os estándares resaltados en cor amarela terán a consideración de imprescindibles para os efectos da adquisición das competencias clave no suposto de docencia non presencial, de acordo co disposto no punto 3, apartado 7 letra d das Instrucións do 30 de xullo de 2020 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.

BLOQUE 1.		Destrezas musicais				
Peso do bloque	Grao mín. de consecución	Temas Transversais	Id. do criterio	Id. do estándar	Estándares de aprendizaxe	
20%	30%	EOE, TIC, EMP, EC, PV	B.1.1	LPMB1.1.1.	Coñece os órganos e as funcións do aparato fonador.	
				LPMB1.1.2.	Realiza exercicios de respiración, relaxación, articulación, fraseo, etc., e valóraos como elementos imprescindibles para a adquisición da técnica vocal.	
				LPMB1.1.3.	Aplica a técnica vocal para cantar entoada e afinadamente, aplicando as indicacións expresivas e dinámicas presentes na partitura.	
			B.1.2	LPMB1.2.1.	Reproduce e identifica intervalos, escalas e acordes a partir de diferentes alturas, utilizando unha correcta emisión da voz.	
				B.1.3	LPMB1.3.1.	Interpreta instrumental ou vocalmente, con total precisión dentro dun tempo establecido, estruturas rítmicas axeitada a este nivel dunha obra ou dun fragmento, sentindo internamente o pulso e aplicando, se procede, as equivalencias nos cambios de compás.
					LPMB1.3.2.	Executa con independencia estruturas rítmicas simultáneas, empregando e desenvolvendo a disociación auditiva e motriz.
LPMB1.3.3.	Practica a lectura e a escrita musical, recoñecendo a súa importancia para aprofundar na aprendizaxe da linguaxe musical.					

BLOQUE 2.		A audición comprensiva			
Peso do bloque	Grao mín. de consecución	Temas Transversais	Id. do criterio	Id. do estándar	Estándares de aprendizaxe
10%	30%	CA, TIC, EMP, EC, PV	B.2.1	LPMB2.1.1	Percibe o pulso como referencia básica para a execución rítmica, así como a identificación do acento periódico base do compás, e acada unha correcta interiorización do pulso que lle permite posteriormente unha idónea execución individual ou colectiva.
				LPMB2.2.1	Percibe aspectos rítmicos, melódicos, tonais, modais, cadenciais, formais, tímbricos etc... das obras escoitadas ou interpretadas.
			B.2.2	LPMB2.2.2	Utiliza a lectura e a escritura musical como apoio da audición.
				LPMB2.2.3	Escoita obras musicais seguindo a partitura.
				LPMB2.2.4	Escoita e recoñece os elementos básicos das linguaxes propias da música culta, jazz, rock e flamenco, así como os máis importantes da linguaxe musical contemporánea.
				LPMB2.2.5	Describe as características das obras escoitadas, empregando a terminoloxía axeitada.

BLOQUE 3.		A teoría musical			
Peso do bloque	Grao mín. de consecución	Temas Transversais	Id. do criterio	Id. do estándar	Estándares de aprendizaxe
25%	30%	CL, TIC, EC, PV	B.3.1.	LPMB3.1.1.	Identifica e interpreta os termos e signos relacionados co ritmo e coa expresión musical.
				LPMB3.1.2	Identifica e interpreta os signos gráficos propios da linguaxe musical contemporánea.
			B.3.2.	LPMB3.2.1	Identifica os elementos básicos da linguaxe musical, empregando diferentes soportes.
				LPMB3.2.2	Recoñece elementos básicos harmónicos e formais.
				LPMB3.2.3	Aplica correctamente a terminoloxía propia da teoría musical.

Peso na cualificación	Instrumentos			Competencias clave						
	Probos obxectivas	Produtos	Observación	CCL	CMCCT	CD	CAA	CSC	CSIEE	CCEC
5%			100%		5%					
5%			100%				10%	10%		
15%			100%					10%		5%
5%			100%		5%		10%	10%		
20%	50%		50%		5%					10%
10%	50%		50%		5%			10%		
40%	50%		50%		5%		10%			5%

Peso na cualificación	Instrumentos			Competencias clave						
	Probos obxectivas	Produtos	Observación	CCL	CMCCT	CD	CAA	CSC	CSIEE	CCEC
20%	100%				5%			10%		
20%	100%				5%					5%
20%	100%									5%
20%	100%									5%
20%	100%			30%						10%

Peso na cualificación	Instrumentos			Competencias clave						
	Probos obxectivas	Produtos	Observación	CCL	CMCCT	CD	CAA	CSC	CSIEE	CCEC
50%	100%				10%					5%
	100%			40%	10%					5%
	100%						10%			10%
25%	100%				10%					5%
25%	100%			30%						5%

BLOQUE 4.		A creación e a interpretación			
Peso do bloque	Grao mín. de consecución	Temas Transversais	Id. do criterio	Id. do estándar	Estándares de aprendizaxe
30%	30%	EOE, TIC, EMP, EC, PV	B.4.1	LPMB4.1.1.	Practica variantes de fórmulas rítmicas coñecidas e improvisaas libremente, coordinándoas co pulso e o compás do fragmento escoitado.
			B.4.2	LPMB4.2.1.	Asimila os conceptos tonais e modais básicos, desenvolvendo a creatividade e a capacidade de seleccionar e usar libremente os elementos da linguaxe musical de acordo cunha idea, e estruturados nunha forma musical.
			B.4.3	LPMB4.3.1.	Coñece o repertorio traballado e ten capacidade de memorización, sensibilidade musical e capacidade expresiva.
				LPMB4.3.3.	Emprega os instrumentos da aula cunha técnica correcta.
			B.4.4	LPMB4.3.4.	Aplica a técnica vocal para cantar entonada e afinadamente nas actividades de interpretación.
				LPMB4.4.1.	Crea unha pequena obra musical empregando os coñecementos musicais adquiridos.
			B.4.5	LPMB4.4.2.	Constrúe a través do movemento unha creación coreográfica axeitando a súa concepción ao carácter expresivo da obra.
				LPMB4.5.2.	Practica as técnicas necesarias para controlar o medo escénico.
			B.4.3	LPMB4.3.2.	Mantén unha actitude positiva ante a música, e ante os compañeiros e compañeiras.
				LPMB4.3.5.	Mantén unha actitude positiva para integrarse como un membro máis do grupo.
B.4.5	LPMB4.5.1.	Comportase de maneira axeitada como espectador/a e como intérprete na realización de actividades musicais desenvolvidas en diferentes contextos.			

BLOQUE 5.		As tecnoloxías aplicadas ao son			
Peso do bloque	Grao mín. de consecución	Temas Transversais	Id. do criterio	Id. do estándar	Estándares de aprendizaxe
15%	30%	CA, TIC, EMP, EC, PV	B.5.1	MUB5.1.1.	Utiliza correctamente editores de partituras, secuenciadores, MIDI e software para aplicacións audiovisuais.
			B.5.2	MUB5.2.1.	Emprega de xeito autónomo os recursos tecnolóxicos como ferramentas para a audición, a interpretación, a creación, a edición, a gravación, a investigación e a aprendizaxe do feito musical.

No caso de que, de xeito xustificad, algún dos bloques quede sin impartir, o seu peso repartirase ponderadamente entre o resto.

No caso de que, de xeito xustificad, algún dos estándares quede sin impartir, o seu peso repartirase ponderadamente entre o resto.

No caso de que, de xeito xustificad, algún dos instrumentos de avaliación non poda ser empregado, o seu peso repartirase ponderadamente entre o resto.

Peso na cualificación	Instrumentos			Competencias clave						
	Probas obxectivas	Produtos	Observación	CCL	CMCCT	CD	CAA	CSC	CSIEE	CCEC
10%	50%		50%		10%					
5%			100%						25%	5%
25%	50%		50%							5%
15%			100%				20%	5%		
5%			100%				10%	10%		
10%		100%			5%		10%		25%	5%
5%		100%					10%	5%		
5%			100%					5%		
20%			100%					5%		5%
								10%	50%	
								10%		

Peso na cualificación	Instrumentos			Competencias clave						
	Probas obxectivas	Produtos	Observación	CCL	CMCCT	CD	CAA	CSC	CSIEE	CCEC
50%		100%			10%	50%				
50%		100%			10%	50%	10%			

6.- Metodoloxía

1.- Estratexias metodolóxicas

1	Aspectos xerais	<p>O Decreto 86/2015, de 25 de xuño, establece no seu artigo 27 unha serie de principios que deben orientar a práctica metodolóxica nas aulas de bacharelato. Entre elas, e sen afán de exhaustividade, recóllese a atención individualizada que respecte o ritmo de aprendizaxe do alumnado, a promoción do traballo en equipo, o emprego de métodos de investigación axeitados, o favorecemento do pensamento autónomo, o fomento dunha competencia comunicativa plurilingüe, o traballo cotiá da comprensión lectora e da expresión, tanto oral como escrita, ou o uso cotiá das tecnoloxías da información e da comunicación. De acordo con ditos principios o departamento de música aposta por unha metodoloxía que fomenta aspectos como os seguintes:</p> <p>A construción do coñecemento a partir da competencia inicial do alumnado.</p> <p>O papel facilitador do profesor/a, na procura da participación, a reflexión e a elaboración de ideas por parte do alumnado, individualmente e en grupo.</p> <p>A relación entre os coñecementos aprendidos nas diferentes materias.</p> <p>A confirmación dos saberes teóricos a partires de actividades de carácter práctico, como a audición ou a interpretación.</p> <p>A importancia da contextualización da música, como feito histórico que é, e a análise das súas características á luz das circunstancias nas que foi creada.</p> <p>O emprego habitual das TIC</p> <p>A busca, selección e tratamento da información, para a elaboración de traballos persoais a partir das fontes de información.</p>
2	Estratexias metodolóxicas	<p>Explicación por parte do profesor dos contidos mínimos para todo o alumnado. Dita explicación fomentará no posible a participación dos alumnos a través de preguntas que os inviten a participar, de xeito que manteñan o interese no tema tratado; e en sentido inverso, para que as súas preguntas orienten a explicación cara a aqueles aspectos que máis podan chamar a súa atención.</p> <p>Realización de actividades que axuden a fixar a información, fagan aos alumnos reflexionar sobre a mesma e lles dean ocasión de expor dúbidas ou de descubrir aspectos que non quedaran claros.</p> <p>Propostas de audicións relacionadas cos contidos expostos, e nas que previamente se dean pautas ao alumnado de cáles son os aspectos concretos nos que se deben fixar. O obxectivo é reforzar cunha actividade práctica os contidos máis teóricos.</p> <p>Lectura e comentario de textos breves relacionados cos aspectos concretos que se están a tratar, e que os exemplifican, completan, contextualizan...</p> <p>Ocasionalmente, realización de traballos de ampliación a partires de contidos básicos expostos na clase. Poden ser traballos de carácter voluntario ou obrigatorio, a realizar fóra da aula, e empregando fontes de información "externas".</p> <p>Para as actividades relacionadas coa interpretación instrumental ou vocal empregaranse técnicas como a responsorial (pregunta-resposta entre profesor e alumnado); a lectura rítmica previa de peza a interpretar con instrumentos; o estudo por pequenos pasaxes (especialmente cando aparecen novidades, como novas notas alteradas ou ritmos de especial dificultade).</p>
3	Materiais e recursos didácticos	<p>Instrumental Orff para as clases prácticas. Este instrumental de aula será complementado co emprego de cantas outras posibilidades pedagóxicas sexan consideradas de interese (voz, percusión corporal, instrumental do propio alumnado, etc). En particular durante este curso empregaranse como instrumento de aula o ukelele.</p> <p>Aulas: tratarase de garantir neste nivel académico o emprego da aula específica da materia. Cando a organización do curso dificulte este obxectivo, tratarase de garantir un reparto equitativo da aula entre os grupos. Tamén se tentará dispoñer da Aula de Informática ou de Aulas Abalar cando se traballen contidos que así o requiran.</p> <p>Materiais TIC. Emprego de recursos creados polo profesorado para a Aula Virtual do Centro.</p>
4	ANEXO	<p><i>As Instrucións do 30 de xullo 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, en relación ás medidas educativas que se deben adoptar no curso 2020/2021 prevén no punto 2 do apartado 3, dedicado ás Programacións Didácticas, que estas se elaboren contemplando os posibles escenarios educativos en función da evolución da situación sanitaria, isto é: actividade lectiva presencial, semipresencial e/ou non presencial.</i></p> <p>No caso de poder manter a actividade lectiva presencial esta desenvolveríase con normalidade e de acordo co previsto na propia Programación Didáctica, respectando tódolos protocolos e instrucións recibidas das autoridades educativas e sanitarias no referente a espazos, distancias interpersoais, medidas de hixiene e desinfección, ventilación, etc. Nesta situación a principal diferenza respecto a cursos anteriores sería a xa explicitada no apartado anterior (materiais e recursos didácticos) referente aos materiais a empregar nas clases prácticas.</p> <p>No suposto de pasar a unha actividade lectiva semipresencial, estarase ao disposto pola administración educativa en canto á rotación das quendas presencial/non presencial. En calquera caso implicará a atención na aula do alumnado que asista fisicamente ás clases; e a atención telemática aos que permanezan nos seus domicilios, fornecéndoos das actividades e o material que precisen para o seguimento da súa actividade lectiva e solucionando as súas dúbidas a través das plataformas educativas das que dispoñemos e doutras canles de comunicación como o correo electrónico.</p> <p>Actividade lectiva non presencial: Levíase a cabo a través de medios telemáticos, empregando plataformas institucionais (Edixgal, Aula Virtual do Centro) ou outras diferentes en función das necesidades e preferencias do profesorado ou do nivel educativo no que se imparten. Nesta situación fariáselle chegar ao alumnado a través das vías antes explicadas tanto os contidos da materia como as actividades que deban desenvolver a partir dos mesmos.</p> <p>A parte práctica neste caso si permitirá o emprego de instrumentos dos que non se pode facer uso na aula, como a frauta ou a voz (tendo en conta que o alumnado non adoita contar con instrumental Orff nos seus fogares).</p> <p>Con independencia doutras ferramentas de avaliación que deban adaptarse chegado o caso a esta modalidade non-presencial, as probas prácticas faranse a través de gravacións en vídeo que o alumnado enviará seguindo as instrucións do/a profesor/-a, e que este/-a custodiará axeitadamente e empregará aos únicos efectos da avaliación.</p> <p>As previsións referidas ao suposto de actividade lectiva non presencial serán válidas tamén para aqueles casos do alumnado que de xeito individual ou colectivo (sexa un grupo completo ou parte do mesmo) se vexa na obriga de deixar de asistir as clases por mor dunha corentena, contaxio da Covid-19 ou outra doenza ou circunstancia que provoque unha ausencia prolongada ás clases. Nestes casos o profesor/-a prestaralle ao alumnado afectado a atención educativa necesaria, polas vías e coas consideracións explicadas no apartado anterior.</p>

6 - AVALIACIÓN**Inicial, continua, final, extraordinaria. Pendentes****1 Procedemento de avaliación inicial****Datos de realización:**

Preferentemente ao longo do mes de setembro. Neste curso os apartados 2 e 3 das Instrucións do 30 de xullo de 2020, de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, piden que se faga especial fincapé nesta avaliación inicial para detectar de xeito individualizado aquelas aprendizaxes non adquiridas no curso pasado e que resulten necesarias para a continuidade do proceso formativo e para a consecución das competencias clave da etapa. Non obstante esta previsión non ten aplicación en LPM, xa que o ano pasado non houbo alumnado na materia de música de 4º da ESO, nin tampouco esta resulta unha materia con contidos claves para a de 1º de BAC. A avaliación inicial terá a finalidade xenérica de coñecer o seu nivel de coñecementos previos.

Descrición das probas:

A proba consistirá nun cuestionario de preguntas e eventualmente na realización de exercicios de práctica musical, coa finalidade de determinar o nivel de coñecementos e habilidades previas do alumnado.

Información ás familias:

Se o resultado das probas así o aconsellara a través dunha conversa directa coa familia. En caso contrario a través da figura do titor do grupo.

Consecuencias dos resultados:

Os resultados da avaliación inicial serán tomados en consideración á hora de tomar decisións relativas ao desenvolvemento do currículo; e tamén para adoptar medidas dirixidas a individualizar na medida do posible a metodoloxía en función das condicións e necesidades particulares dos diferentes alumnos e alumnas.

3 Procedemento de avaliación continua**Temporalización das probas de avaliación:**

Como regra xeral farase unha proba escrita ao final de cada unidade, aínda que eventualmente poderanse agrupar dúas unidades nunha soa proba no caso de que a materia e a dinámica do curso así o aconsellen. En todo caso, farase como mínimo unha proba escrita por avaliación.

Como se cualifican as probas, traballos individuais ou colectivos, traballo na libreta, observación.**Ponderación, redondeo, ...**

Esta cuestión aparece recollida no punto 4 da Programación.

Como se fai a media de cada unha das avaliacións? Ponderación, redondeo,

De conformidade co establecido no punto 4 da Programación.

Que aspectos se van a valorar dentro da observación do traballo na aula?

Os que aparecen recollidos especificamente no Bloque 5 do punto 4 da Programación.

Como se recupera unha proba non superada?

Unha proba concreta non superada non terá necesariamente que ser recuperada se a cualificación xeral desa avaliación é positiva atendendo aos criterios xerais de avaliación.

Como se recupera unha avaliación non superada?

Ao tratarse dunha avaliación continua, as diferentes actividades desenvolvidas ao longo do curso permiten unha nova avaliación de estándares anteriormente non superados

Aspectos específicos en torno á avaliación:

		B1.2.	HMDB1.2.1.	Identifica e sitúa cronoloxicamente os diferentes períodos da historia da música e da danza.
			HMDB1.2.2.	Coñece e explica as principais características dos estilos, os xéneros ou as escolas, e detecta as diferenzas entre varias obras.
			HMDB1.2.3.	Contextualiza a obra no seu momento histórico e/ou estilístico.
		B1.3.	HMDB1.3.1.	Comprende e explica a complexidade do fenómeno artístico, e tira conclusións propias en base aos coñecementos adquiridos na materia.
			HMDB1.3.2.	Entende e explica a función das obras e a influencia na sociedade e noutras disciplinas artísticas no momento da súa creación.
			HMDB1.3.3.	Comprende e describe o proceso creativo de músicos e coreógrafos.
		B1.4.	HMDB1.4.1.	Describe os prantexamentos plasmados polo autor ou autora do texto, en relación coas correntes estéticas e estilísticas dunha época concreta.
			HMDB1.4.2.	Elabora unha análise de texto de xeito ordenado e sistemático, sintetizando as ideas, distinguindo a información principal da secundaria e empregando un vocabulario técnico axeitado.
		B1.5.	HMDB1.5.1.	Comprende e explica o papel da música e da danza, e o xeito no que se relacionan con outras artes, para configurar xunto a elas unha obra artística total.
			HMDB1.5.2.	Explica o emprego que se fixo da música nunha situación concreta.
			HMDB1.5.3.	Selecciona pezas musicais para sonorizar ou ambientar situacións artísticas concretas.
		B1.6.	HMDB1.6.1.	Transmite seguridade e certeza na comunicación das ideas, e dominio no tema de investigación
			HMDB1.6.2.	Selecciona correctamente temas obxecto de investigación, establecendo prioridades e superando con creatividade os obstáculos.
			HMDB1.6.3.	Asume con responsabilidade o seu papel no traballo en grupo, tomando as decisións oportunas.
HMDB1.6.4.	Expón as súas reflexións sobre o proceso de investigación e tira conclusións do procedemento establecido, reparto do traballo, conclusións obtidas ou unha eventual continuación da investigación, facendo explícitas as súas impresións persoais sobre a experiencia.			
HMDB1.6.5.	Expón de xeito preciso e ordenado os resultados do seu traballo de investigación, e cita as fontes consultadas.			
HMDB1.6.6.	Emprega as novas tecnoloxías da información e da comunicación, así como distintos medios e soportes técnicos.			
BLOQUE 8		MÚSICA E DANZA NA SEGUNDA METADE DO SÉCULO XX		
	Temas Transversais	Id. do criterio	Id. do estándar	Estándares de aprendizaxe
CL, EOE, EMP, TIC	B8.1	HMDB8.1.1.	Capta e describe o carácter, o xénero, as características estéticas e os trazos estilísticos máis importantes das obras propostas.	
		HMDB8.1.2.	Coñece e describe as obras e os autores/as máis representativos/as deste período.	
	B8.2	HMDB8.2.1.	Analiza a complexidade de circunstancias que, pola súa importancia, determinen o desenvolvemento dunha época, un estilo ou un autor ou autora determinados, establecendo xuízos críticos.	

4. Avaliación de criterios e estándares						
UNIDADE	BLOQUE 1		PERCEPCIÓN, ANÁLISE E DOCUMENTACIÓN			
	Temas Transversais	Id. do criterio	Id. do estándar	Estándares de aprendizaxe		
UNIDADE 8 A MÚSICA TRADICIONAL NO MUNDO	CL, EOE, CA, TIC, EC	B1.1	HMDB1.1.1.	Realiza dende unha perspectiva persoal unha valoración estética e crítica dunha obra concreta ou dunha interpretación da mesma.		
			HMDB1.1.2.	Domina o vocabulario e a terminoloxía científica aplicados á música e á danza.		
			HMDB1.1.3.	Consulta e contrasta as fontes de información axeitadas para a elaboración dos comentarios.		
		B1.3.	HMDB1.3.1.	Comprende e explica a complexidade do fenómeno artístico, e tira conclusións propias en base aos coñecementos adquiridos na materia.		
			HMDB1.3.2.	Entende e explica a función das obras e a influencia na sociedade e noutras disciplinas artísticas no momento da súa creación.		
			HMDB1.4.2.	Elabora unha análise de texto de xeito ordenado e sistemático, sintetizando as ideas, distinguindo a información principal da secundaria e empregando un vocabulario técnico axeitado.		
		B1.5.	HMDB1.5.1.	Comprende e explica o papel da música e da danza, e o xeito no que se relacionan con outras artes, para configurar xunto a elas unha obra artística total.		
			HMDB1.5.2.	Explica o emprego que se fixo da música nunha situación concreta.		
			HMDB1.5.3.	Selecciona pezas musicais para sonorizar ou ambientar situacións artísticas concretas.		
		B1.6.	HMDB1.6.1.	Transmite seguridade e certeza na comunicación das ideas, e dominio no tema de investigación		
			HMDB1.6.2.	Selecciona correctamente temas obxecto de investigación, establecendo prioridades e superando con creatividade os obstáculos.		
			HMDB1.6.3.	Asume con responsabilidade o seu papel no traballo en grupo, tomando as decisións oportunas.		
			HMDB1.6.4.	Expón as súas reflexións sobre o proceso de investigación e tira conclusións do procedemento establecido, reparto do traballo, conclusións obtidas ou unha eventual continuación da investigación, facendo explícitas as súas impresións persoais sobre a experiencia.		
			HMDB1.6.5.	Expón de xeito preciso e ordeado os resultados do seu traballo de investigación, e cita as fontes consultadas.		
			HMDB1.6.6.	Emprega as novas tecnoloxías da información e da comunicación, así como distintos medios e soportes técnicos.		
		BLOQUE 9		A MÚSICA TRADICIONAL NO MUNDO		
			Temas Transversais	Id. do criterio	Id. do estándar	Estándares de aprendizaxe
CL, EOE, EMP, TIC	B9.1	HMDB9.1.1.	Coñece e describe as principais características da música e da danza tradicional, distinguindo estilos de canto, melodías, escalas, texturas e ritmos.			

NOTA: Os estándares resaltados en cor amarela terán a consideración de imprescindibles para os efectos da adquisición das competencias clave no suposto de docencia non presencial, de acordo co disposto no punto 3, apartado 7 letra d das Instrucións do 30 de xullo de 2020 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.

PERCEPCIÓN, ANÁLISE E DOCUMENTACIÓN												
Grao mín. de consecución	Peso na cualificación	Instrumentos			Competencias clave							
		Probos obxectivas	Produtos	Observación	CCL	CMCCT	CD	CAA	CSC	CSIEE	CCEC	
60%	10%	80%	20%					7%			8%	
80%	10%	80%		20%		100%						
60%	2%		100%		4%			7%				
90%	10%	80%		20%							8%	
80%	10%	100%			4%			5%				
80%	10%	100%			10%						8%	
40%	5%			100%				5%			8%	
50%		80%		20%				7%	20%		8%	
40%		80%		20%				5%	20%			
30%	1%			100%	10%			7%			8%	
50%	2%	80%	20%		10%			7%				
40%	5%	80%		20%	10%			5%			8%	
40%		80%		20%	10%			7%				
30%			100%				33%			20%		
60%	5%		100%		10%			7%		20%	5%	
			100%		10%			7%			5%	
			80%	20%					20%	20%		
			80%	20%					20%	20%		5%
			100%		10%				7%		20%	5%
			100%					33%	7%			
MÚSICA E DANZA NA SEGUNDA METADE DO SÉCULO XX												
Grao mín. de consecución	Peso na cualificación	Instrumentos			Competencias clave							
		Probos obxectivas	Produtos	Observación	CCL	CMCCT	CD	CAA	CSC	CSIEE	CCEC	
70%	10%	100%			4%			5%			8%	
80%	10%	100%			4%		34%				8%	
70%	10%	100%			4%			5%	20%		8%	

PERCEPCIÓN, ANÁLISE E DOCUMENTACIÓN												
Grao mín. de consecución	Peso na cualificación	Instrumentos			Competencias clave							
		Probos obxectivas	Produtos	Observación	CCL	CMCCT	CD	CAA	CSC	CSIEE	CCEC	
60%	5%	80%	20%					10%			10%	
80%	10%	80%		20%		100%						
60%	5%		100%		10%			10%				
40%	5%			100%				10%			10%	
50%		80%		20%				10%	40%		10%	
50%	5%	80%	20%		20%			10%				
40%	5%	80%		20%	10%			10%			10%	
40%		80%		20%	10%							
30%			100%				30%			20%		
60%	15%		100%		10%			10%		20%	10%	
			100%		10%			10%			10%	
			80%	20%						30%	20%	
			80%	20%						30%	20%	10%
			100%		20%				10%		20%	10%
			100%					40%	10%			10%
A MÚSICA TRADICIONAL NO MUNDO												
Grao mín. de consecución	Peso na cualificación	Instrumentos			Competencias clave							
		Probos obxectivas	Produtos	Observación	CCL	CMCCT	CD	CAA	CSC	CSIEE	CCEC	
70%	50%	50%	50%		10%		30%				20%	

5.- Metodoloxía

1	Aspectos xerais	<p>O Decreto 86/2015, de 25 de xuño, establece no seu artigo 11 uns principios metodolóxicos que deberán orientar o traballo durante a etapa da educación secundaria obrigatoria. Entre eles préstase unha especial atención á consideración da atención á diversidade, ao favorecemento da capacidade para aprender por si mesmos, ao favorecemento da aprendizaxe en equipo, ao emprego de metodoloxías activas e participativas, ao enfoque multidisciplinar do proceso educativo, á promoción da comprensión da lectura e do uso da información e ao deseño de actividades de aprendizaxe multicompetenciais, como pode ser a metodoloxía por proxectos. De acordo con ditos principios o departamento de música aposta por unha metodoloxía que fomente aspectos como os seguintes:</p> <p>A participación, a reflexión e a elaboración de ideas, tanto individualmente como en grupo.</p> <p>A busca, selección e tratamento da información, para a elaboración de traballos persoais a partir de fontes de información variadas.</p> <p>A relación entre os coñecementos aprendidos nas diferentes materias.</p> <p>A confirmación dos saberes teóricos a partires de actividades de carácter práctico, como a audición ou a interpretación.</p> <p>A importancia da contextualización da música, como feito histórico que é, e a análise das súas características á luz das circunstancias nas que foi creada.</p> <p>A construción do coñecemento partindo da competencia inicial do alumnado.</p> <p>O respecto aos diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe como vía para atender á diversidade.</p> <p>O papel do profesor/a como facilitador do proceso de aprendizaxe.</p>
2	Estratexias metodolóxicas	<p>Explicación por parte do profesor dos contidos mínimos para todo o alumnado. Dita explicación fomentará no posible a participación dos alumnos a través de preguntas que os inviten a intervir, de xeito que manteñan o interese no tema tratado; e en sentido inverso, para que as súas preguntas orienten a explicación cara a aqueles aspectos que máis podan chamar a súa atención.</p> <p>Realización de actividades que axuden a fixar a información, fagan aos alumnos reflexionar sobre a mesma e lles dean ocasión de expor dúbidas ou de descubrir aspectos que non quedaran claros.</p> <p>Propostas de audicións relacionadas cos contidos expostos, e nas que previamente se dean pautas ao alumnado de cales son os aspectos concretos nos que se deben fixar. O obxectivo é reforzar cunha actividade práctica os contidos máis teóricos.</p> <p>Lectura e comentario de textos breves relacionados cos aspectos concretos que se están a tratar, e que os exemplifican, completan, contextualizan...</p> <p>Ocasionalmente, realización de traballos de ampliación a partires de contidos básicos expostos na clase. Poden ser traballos de carácter voluntario ou obrigatorio, a realizar fóra da aula, e empregando fontes de información "externas".</p> <p>Para as actividades relacionadas coa interpretación instrumental ou vocal empregaranse técnicas como a imitativa (pregunta-resposta entre profesor e alumnado); a lectura rítmica previa de peza a interpretar con instrumentos; o estudo por pequenas pasaxes (especialmente cando aparecen novidades, como novas notas alteradas ou ritmos de especial dificultade).</p>
3	Materiais e recursos didácticos	<p>Materiais didácticos achegados e recomendados polo profesorado da materia.</p> <p>Aulas: tratarase de garantir por tódolos medios que polo menos unha das dúas horas lectivas semanais teña lugar na Aula de Música; de ser así ese será o día reservado para a práctica instrumental. Tamén se tentará dispoñer da Aula de Informática ou de Aulas Abalar cando se traballen contidos da Aula Virtual.</p> <p>Materiais TIC. Emprego de recursos creados polo profesorado para a Aula Virtual do Centro.</p>
4	ANEXO	<p><i>As Instrucións do 30 de xullo 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, en relación ás medidas educativas que se deben adoptar no curso 2020/2021 prevén no punto 2 do apartado 3, dedicado ás Programacións Didácticas, que estas se elaboren contemplando os posibles escenarios educativos en función da evolución da situación sanitaria, isto é: actividade lectiva presencial, semipresencial e/ou non presencial.</i></p> <p>No caso de poder manter a actividade lectiva presencial esta desenvolveríase con normalidade e de acordo co previsto na propia Programación Didáctica, respectando tódolos protocolos e instrucións recibidas das autoridades educativas e sanitarias no referente a espazos, distancias interpersoais, medidas de hixiene e desinfección, ventilación, etc.</p> <p>No suposto de pasar a unha actividade lectiva semipresencial, estarase ao disposto pola administración educativa en canto á rotación das quendas presencial/non presencial. En calquera caso implicará a atención na aula do alumnado que asista fisicamente ás clases; e a atención telemática aos que permanezan nos seus domicilios, fornecendoos das actividades e o material que precisen para o seguimento da súa actividade lectiva e solucionando as súas dúbidas a través das plataformas educativas das que dispoñemos e doutras canles de comunicación como o correo electrónico.</p> <p>Actividade lectiva non presencial: Levaríase a cabo a través de medios telemáticos, empregando plataformas institucionais (Edixgal, Aula Virtual do Centro) ou outras diferentes en función das necesidades e preferencias do profesorado ou do nivel educativo no que se impartan. Nesta situación fariáselle chegar ao alumnado a través das vías antes explicadas tanto os contidos da materia como as actividades que deban desenvolver a partir dos mesmos.</p> <p>As previsións referidas ao suposto de actividade lectiva non presencial serán válidas tamén para aqueles casos do alumnado que de xeito individual ou colectivo (sexa un grupo completo ou parte do mesmo) se vexa na obriga de deixar de asistir as clases por mor dunha corentena, contaxio da Covid-19 ou outra doenza ou circunstancia que provoque unha ausencia prolongada ás clases. Nestes casos o profesor/-a prestaralle ao alumnado afectado a atención educativa necesaria, polas vías e coas consideracións explicadas no apartado anterior.</p>

6.- AVALIACIÓN Inicial, continua, final, extraordinaria. Pendentes

1	Procedemento de avaliación inicial	<p>Data de realización:</p> <p>Con carácter xeral realizarase durante a primeira semana do curso; e en calquera caso dentro do primeiro mes do curso escolar. Neste curso os apartados 2 e 3 das Instrucións do 30 de xullo de 2020, de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, piden que se faga especial fincapé nesta avaliación inicial para detectar de xeito individualizado aquelas aprendizaxes non adquiridas no curso pasado e que resulten necesarias para a continuidade do proceso formativo e para a consecución das competencias clave da etapa. Non obstante esta previsión non ten aplicación en HMD xa que esta materia non ten conexión con ningunha outra do ano anterior. A avaliación inicial terá a finalidade xenérica de coñecer o seu nivel de coñecementos previos.</p> <p>Descrición das probas:</p> <p>A proba consistirá nun cuestionario de preguntas e respostas e eventualmente en exercicios de práctica musical, coa fin de determinar o nivel de coñecementos e habilidades previas do alumnado.</p> <p>Información ás familias:</p> <p>Se o resultado das probas así o aconsellara a través dunha conversa directa coa familia. En caso contrario a través da figura do titor do grupo.</p> <p>Consecuencias dos resultados:</p> <p>A avaliación inicial servirá como punto de referencia, tanto para tomar decisións relativas ao desenvolvemento do currículo e ás programacións de aula, como para tomar no seu caso as medidas de apoio, reforzo e recuperación oportunas para cada alumno ou alumna.</p>
2	Procedemento de avaliación continua	<p>Temporalización das probas de avaliación::</p> <p>Como regra xeral farase unha proba escrita ao final de cada unidade, aínda que eventualmente poderanse agrupar dúas unidades nunha soa proba no caso de que a materia e a dinámica do curso así o aconsellen. En todo caso, farase como mínimo unha proba escrita por avaliación.</p> <p>Como se cualifican as probas?</p> <p>Esta cuestión aparece recollida no punto 4 da Programación.</p> <p>Como se fai a media de cada unha das avaliacións? Ponderación, redondeo,</p> <p>De conformidade co establecido no punto 4 da Programación.</p> <p>Que aspectos se van a valorar dentro da observación do traballo na aula?</p> <p>Os aspectos recollidos no bloque 5 do punto 4 da Programación.</p> <p>Como se recupera unha proba non superada?</p> <p>Unha proba concreta non superada non terá necesariamente que ser recuperada se a cualificación xeral desa avaliación é positiva atendendo aos criterios xerais de avaliación.</p> <p>Como se recupera unha avaliación non superada?</p> <p>A recuperación de avaliacións pendentes durante o propio curso farase a través de probas específicas destinadas a tal fin. Prevese a realización dunha proba por cada avaliación pendente e unha a final de curso para o conxunto de avaliacións pendentes. Os contidos prácticos poden darse por recuperados automaticamente se se acada o nivel requirido na proba correspondente da seguinte avaliación.</p> <p>Como se establece a cualificación da avaliación final ordinaria?</p> <p>A avaliación final ordinaria requirirá ter superadas as tres avaliacións. Para determinar a cualificación final terase en conta como norma básica a media das tres avaliacións, e tamén se tomará en consideración a tendencia das cualificacións ao longo do curso no aspecto práctico da materia, ademais dos aspectos actitudinais sinalados no apartado referido aos criterios de cualificación.</p>
3	Procedemento de avaliación final	<p>Quen debe ir á avaliación final?</p> <p>Quen non teña superada algunha das tres avaliacións.</p> <p>En que consistirá a proba?</p> <p>En función das circunstancias concretas do caso, poderá realizarse unha proba obxectiva escrita ou oral ou ben a presentación dunha tarefa relacionada cos contidos non superados.</p> <p>Que estándares se van avaliar?</p> <p>Todos.</p> <p>Como se elabora a cualificación final?</p> <p>Os estándares avaliados cualificaranse de conformidade co peso a eles atribuído no apartado 4 desta programación.</p> <p>Que criterios segue o centro para a promoción?</p> <p>Os recollidos no artigo 23 do Decreto 86/2015, de 25 de xuño.</p>

5	Procedemento de avaliación extraordinaria
---	--

A avaliación final extraordinaria farase con base nunha proba específica na que, con carácter xeral, os contidos serán os correspondentes a todo o curso, con independencia dos resultados obtidos nas avaliacións ordinarias. Esta proba consistirá nun exame teórico para os contidos de carácter conceptual e nunha proba práctica para aqueles relacionados coa interpretación. Excepcionalmente poderá acudirse aos exames da convocatoria extraordinaria só cunha das partes (teórica ou práctica) da proba. Neste caso a cualificación obtida fará media coa outra parte da materia xa superada en xuño, de acordo cos criterios xerais de avaliación.

6	6.- Procedemento de recuperación e avaliación de pendentes
---	---

Como se fará o seguimento?

Para a recuperación de materias pendentes doutros cursos estableceranse clases específicas de pendentes, con periodicidade semanal e con carácter xeral en horario de tarde. Nesas clases atenderase a resolver dúbidas dos alumnos sobre a materia e proporánselles actividades de repaso para realizar ao longo da semana. A asistencia regular a estas clases con aproveitamento (considerando como tal a presentación dos traballos propostos, a atención, o esforzo, o interese en mellorar...), pódese considerar requisito dabondo para recuperar a materia.

Como se avalía?

Como queda dito, a asistencia regular ás clases de pendentes con interese e aproveitamento pode servir para a superación da materia, cando da observación do traballo realizado se derive que o alumno ou alumna acadaron as competencias pertinentes. En todo caso tamén se establecerán exames trimestrais e un exame final para os alumnos que se atopen nesta situación.

Como se elabora a cualificación final. Ponderación, redondeos, etc?

En función do peso dos estándares considerados como fundamentais, traballados nas clases de pendentes e comunicados ao alumnado.

1.- AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO E DA PRÁCTICA DOCENTE	Escala			
(Indicadores de logro)	1	2	3	4
Proceso de ensino:				
1.- O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado?				
2.- Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreza a aprendizaxe?				
3.- Conseguiuse motivar para conseguir a súa actividade intelectual e física?				
4.- Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado?				
5.- Contouse co apoio e implicación das familias no traballo do alumnado?				
6.- Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado?				
7.- Tomouse algunha medida curricular para atender al alumnado con NEAE?				
8.- Tomouse algunha medida organizativa para atender al alumnado con NEAE?				
9.- Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado?				
10.- Usáronse distintos instrumentos de avaliación?				
11.- Dáse un peso real á observación do traballo na aula?				
12.- Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo?				

1.- AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO E DA PRÁCTICA DOCENTE	Escala			
Práctica docente:	1	2	3	4
1.- Como norma xeral fanse explicacións xerais para todo o alumnado				
2.- Ofrécese a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa?				
3.- Elabóranse actividades de distinta dificultade atendendo á diversidade				
4.- Elabóranse probas de avaliación de distinta dificultade para os alumnos con NEAE?				
5.- Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar?				
6.- Intercálase o traballo individual e en equipo?				
5.- Poténcianse estratexias de animación á lectura e de comprensión e expresión oral?				
6.- Incorporáanse ás TIC aos procesos de ensino - aprendizaxe				
7.- Préstase atención aos temas transversais vinculados a cada estándar?				
8.- Ofrécese ao alumnado de forma inmediata os resultados das probas/exames, etc?				
9.- Coméntase co alumnado os fallos máis significativos das probas /exames, etc?				
10.- Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus fallos?				
11.- Cal é o grao de implicación nas funcións de titoría e orientación do profesorado?				
12.- Realizáronse as ACS propostas e aprobadas?				
13.- As medidas de apoio, reforzo, etc establécense vinculadas aos estándares?				
14.- Avaliase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación,.. ?				

2.- AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

1.- Mecanismo de revisión

Periodicidade:

Levarase un control en cada unha das reunións de departamento convocadas.

Medidas a adoptar:

Reaxustaranse as actividades para poder levar a cabo toda a avaliación de estándares previstas. No caso de que se faga necesaria a supresión dalgún elemento recollido no punto 4 desta programación procederase coa seguinte priorización ata axustala ao tempo restante.

1. Eliminaranse algúns dos instrumentos de algúns dos estándares.
2. Eliminaranse algúns dos estándares.
3. Eliminaranse algúns dos bloques.

Ditos cambios quedaran reflectidos nas diferentes reunións de departamento e transmitirase a información ao alumnado afectado polo cambio.

2.- Mecanismo avaliación e modificación de programación didáctica

(Indicadores de logro)

	Escala			
	1	2	3	4
1.- Diseñáronse unidades didácticas ou temas a partir dos elementos do currículo?				
2.- Secuenciáronse e temporalizáronse as unidades didácticas/temas/proxectos?				
3.- O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e temporalización?				
4.- Engadiuse algún contido non previsto á programación?				
5.- Foi necesario eliminar algún aspecto da programación prevista?				
6.- Secuenciáronse os estándares para cada unha das unidades/temas?				
7.- Fixouse un grao mínimo de consecución de cada estándar para superar a materia?				
8.- Asígnouse a cada estándar o peso correspondente na cualificación ?				
9.- Vinculouse cada estándar a un/varios instrumentos para a súa avaliación?				

2.- Mecanismo avaliación e modificación de programación didáctica

(Indicadores de logro)

	Escala			
	1	2	3	4
10.- Asociouse con cada estándar os temas transversais a desenvolver?				
11.- Fixouse a estratexia metodolóxica común para todo o departamento?				
12.- Estableceuse a secuencia habitual de traballo na aula?				
13.- Son adecuados os materiais didácticos utilizados?				
14.- O libro de texto é adecuado, atractivo e de fácil manipulación para o alumnado?				
15.- Diseñouse un plan de avaliación inicial fixando as consecuencias da mesma?				
16.- Elaborouse unha proba de avaliación inicial a partir dos estándares?				
17.- Fixouse para o bacharelato un procedementos de acreditación de coñecementos previos?				
18.- Establecéronse pautas xerais para a avaliación continua: probas, exames, etc.				
19.- Establecéronse criterios para a recuperación dun exame e dunha avaliación				
20.- Fixáronse criterios para a avaliación final?				
21.- Establecéronse criterios para a avaliación extraordinaria?				
22.- Establecéronse criterios para o seguimento de materias pendentes?				
23.- Fixáronse criterios para a avaliación desas materias pendentes?				
24.- Elaboráronse os exames tendo en conta o valor de cada estándar?				
25.- Definíronse programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares?				
26.- Leváronse a cabo as medidas específicas de atención ao alumnado con NEE?				
27.- Leváronse a cabo as actividades complementarias e extraescolares previstas?				
28.- Informouse ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos?				
29.- Informouse ás familias sobre os criterios de promoción? (Artº 21º, 5 do D.86/15)				
30.- Seguiuse e revisouse a programación ao longo do curso?				
31.- Contribuíuse desde a materia ao plan de lectura do centro?				
32.- Usáronse as TIC no desenvolvemento da materia?				

Observacións:

8- ATENCIÓN A DIVERSIDADE**Medidas de atención á diversidade no presente curso**

1.- MEDIDAS ORDINARIAS	A) ORGANIZATIVAS
	Adecuouse a estrutura organizativa do centro e/ou da aula para algún alumno/a ou grupo?
	a) Agrupamentos diferenciados para alumnos/as ou grupos?
	Non foron necesarias
	a) Tempos diferenciados, horarios específicos, etc.
	O profesorado está dispoñible para facer reforzos no tempo de lecer para aquel alumnado que o precise.
	b) Espazos diferenciados?
	Non foron necesarias
	c) Materiais e recursos didácticos diferenciados?
	Non foron necesarias
	Faise algún desdoblamento de grupos?
	Non
	Faise algún reforzo educativo e/ou apoio de profesorado na aula?
	Non
	Faise algún reforzo e/ou apoio fóra da/s aula/as a algún alumno/a?
	Si.
	Que medidas se propoñen para o alumno enviado á aula de convivencia?
	A reflexión sobre a conduta que motivou esta circunstancia e o traballo individual sobre os contidos que se estaban a traballar na aula.

1.- MEDIDAS ORDINARIAS	B) CURRICULARES
	a) Faise algunha adaptación metodolóxica para algún alumno/grupo como traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos, etc.?
	Si.
	b) Adáptanse os tempos e/ou os instrumentos de avaliación para algún alumno/a?
	Si.
	c) Existe algún programa de reforzo en áreas instrumentais (LC/LG/MT)?
	Non.
	d) Existe algún programa de recuperación de materias non instrumentais?
	Si.
	e) Existe algún programa específico para alumnado repetidor da materia?
	Si.
	f) Aplícase ese programa específico personalizado para repetidores da materia?.
	Si.

2.- MEDIDAS EXTRAORDINARIAS	A) ORGANIZATIVAS
	a) Existe algún grupo de adquisición das linguas (para alumnado estranxeiro)?
	Aplícase un reforzo individualizado ó alumnado estranxeiro que o precisa.
	b) Existe algún grupo de adaptación da competencia curricular(Al. estranxeiro)?
	Non hai
	c) Existe algunha outra medida organizativa: escolarización domiciliaria, escolarización combinada, etc.?
	Non hai

2.- MEDIDAS EXTRAORDINARIAS	A) CURRICULARES
	a) Existe algunha Adaptación Curricular na materia? ¿Cantas?
	Si. Dúas.
	b) Foi autorizado para a materia algún agrupamento flexible/específico?
	Non.
	c) Existe algún Programa de Mellora do Aprendizaxe e Rendemento (PMAR)?
	Non.
	d) Flexibilizouse para algún alumno/a o período de escolarización?
	Si.
	e) Describir o protocolo de coordinación co profesorado que comparte co titular da materia, os reforzos, apoios, adaptación, etc. (Coordinación cos PT/AL/Outro profesorado de apoio/profesorado agrupamento/ etc.
	Non hai tales apoios nesta materia.

9. Actividades complementarias e extraescolares

O feito de depender á hora de organizar actividades das propostas das entidades que as convocan, fai que neste momento non podamos coñecer con certeza cales van ter lugar, e se imos ou non participar nelas. En particular no actual curso 2020/2021 a incerteza provocada pola incidencia da Covid-19 e a súa posible evolución futura fai máis que probable que actividades do tipo das que se celebraron en cursos pasados non se podan realizar neste. Non obstante consideramos axeitado recollelas en previsión de que unha evolución favorable da pandemia permita a realización dalgunhas delas, sempre adaptadas ás previsións que en cada suposto establezan as entidades organizadoras.

Concertos didácticos do Festival de Jazz de Lugo.

Concertos didácticos pertencentes ao ciclo de música contemporánea MihlSons.

Concerto didáctico sobre música coral de "Sólo Voces".

Participación no programa "Musiqueando"

Visita á Exposición de instrumentos musicais do Centrad.

Asistencia a un Musical en Madrid.

Toda aquelas outras actividades que nos sexan propostas e consideremos de interese para o noso alumnado.

10. DATOS DEPARTAMENTO

Materia	Curso	Grupos	Profesor/a
Música	2º ESO	A, B, C	Belén Gato Gómez
Música	2º ESO	D, E, F	Miguel Ángel Díaz Valdés
Música	3º ESO	B, C, E, F	Miguel Ángel Díaz Valdés
Música	3º ESO	A, D	Alejandro Chousa Méndez
Artes Escénicas e Danza	4º ESO		Belén Gato Gómez
Linguaxe e Práctica Musical	1º BAC		Belén Gato Gómez
Historia da Música e da Danza	2º BAC		Miguel Ángel Díaz Valdés

Aprobación desta programación e envío

Data aprobación:	15/10/20
Entregada á X. Estudos	15/10/20
Data envío Inspección	

PLAN ANUAL DE LECTURA DO DEPARTAMENTO DE **MÚSICA**

DEDICACIÓN Á LECTURA NA AULA

1.OBXECTIVOS:

Os obxectivos da lectura na Aula de Música non son diferentes dos enumerados no Anexo V do **Decreto 133/2007**, que con carácter xeral se refire á formación de lectores e de lectoras competentes, á creación e consolidación do hábito da lectura, e ao desenvolvemento de actitudes favorables á mesma.

Por outra banda tamén pretenden estar en consonancia cos recollidos no **Proxecto Lector** do noso centro que entre outros cita os seguintes:

- Facer da formación lectora e escritora e asemade da competencia informacional e documental o centro da educación.
- Vincular lectura, escritura e expresión.
- Incentivar a creación de todo tipo e textos por parte do alumnado.
- Permitir e propiciar na aula o intercambio de experiencias lectoras.
- Prestixiar a Biblioteca.
- Afrontar as dificultades derivadas das carencias na formación lectora.

En relación coa materia de **música** en particular poderían citarse os seguintes obxectivos máis concretos:

- Dar a coñecer ao alumnado textos de diferente carácter (histórico, literario, científico...) relacionados coa música, como xeito de achegarse ou afondar na materia dende a lectura.
- Empregar a lectura de textos breves na aula e a súa análise e comentario, como apoio na adquisición do coñecemento.
- Promover a lectura e escritura de partituras, tendo en conta que a música é tamén unha linguaxe, a notación musical un sistema de representación gráfica do son, e a partitura un tipo de soporte documental máis.

2.TEMPORALIZACIÓN e ESPAZOS PARA A LECTURA

A temporalización do traballo arredor da competencia lectora e ALFIN está integrada na actividade das diferentes materias impartidas polo Departamento e concretamente coa organización de tarefas regulares de aula. Estas poden desenvolverse ben durante as sesións académicas ou ben fóra das mesmas en traballos solicitados ao alumnado. Igualmente se realizará a Hora de Ler nas horas ou sesións que corresponda.

Os espazos serán a propia aula de Música ou a Biblioteca do centro.

3. CARÁCTER DAS LECTURAS

En coherencia co disposto no Proxecto Lector do Centro, as lecturas terán carácter voluntario para o alumnado, na idea do alí exposto sobre "*abandonar o concepto de lecturas obrigatorias co que axudamos a converter a lectura nunha tarefa dura para o alumnado e mesmo ás veces odiosa*".

Poderanse propoñer ocasionalmente lecturas breves co obxectivo concreto de ilustrar ou axudar a entender un aspecto particular da materia, ou para seren comentadas posteriormente, de xeito individual ou colectivo. Este tipo de lecturas propostas como actividade no marco da actividade académica ou mesmo realizadas en voz alta na mesma aula si terían carácter obrigatorio.

Pero en xeral as propostas lectoras de carácter máis amplo encamiñadas ao desfrute da lectura e á súa promoción terán carácter voluntario para o alumnado.

As lecturas serán de carácter recreativo ou informativo, segundo o tipo de actividade no que dita lectura se enmarque.

4. RUTINAS DE LECTURA:

-Actividades sistemáticas

O Departamento de Música tomará parte nas actividades de promoción da lectura propostas polo Centro como a **Hora de Ler**, nos termos e condicións establecidos na organización da mesma.

Ao dispoñer dunha aula temática para a nosa materia na que non está prevista a existencia dunha Biblioteca de Aula, faise necesario lembrar aos alumnos e alumnas a necesidade de traer libros ou outro material de lectura para a Hora de Leer.

Tamén se prevé ir formando unha biblioteca na Aula de Música, con textos achegados de xeito voluntario por alumnado e profesorado, ou mesmo con libros da Biblioteca que se considere apropiado ubicar na Aula.

Alternativamente existe a posibilidade de xuntar dous ou máis períodos da "Hora de Ler" e realizar esta actividade na Biblioteca.

-Actividades programadas ou temporizadas: PDIs, ALFIN-AMI, campañas de lectura.

Como non pode ser doutro xeito, o departamento colaborará nas actividades organizadas polo Centro (nomeadamente dende a Biblioteca) encamiñadas á promoción da lectura e á alfabetización informacional.

Ademais disto e en coherencia unha vez máis co Proxecto Lector do Centro sinálase como prioridade a formación do alumnado para as tarefas de busca de información e da súa selección e tratamento dun xeito crítico e eficaz, facendo fincapé neste aspecto cando se lles propoñan traballos de investigación.

O Departamento contempla a realización de pequenos traballos por proxectos, tanto como actividades exclusivas desta materia ou tamén en colaboración interdisciplinar con outras áreas.

-Actividades puntuais: valoración da participación do alumnado nas actividades organizadas pola Biblioteca ou naquelas organizadas de xeito independente polo Departamento, a especificar.

En colaboración coa **Biblioteca**:

A biblioteca supón un eixo vertebrador das actividades do centro e dinamizador da vida cultural.

O Departamento colaborará valorando a participación do noso alumnado nas actividades que se relacionen co contido curricular da nosa materia, tales como o Día da Música ou exposicións orais sobre diferentes temas.

Actividades independentes:

O Departamento de Música contempla a organización de tarefas que impliquen o desenvolvemento da capacidade lectora do alumnado así como a contribución á mellora da súa valoración da lectura como unha ferramenta de disfrute e aprendizaxe imprescindible.

Ditas tarefas incluíranse no desenvolvemento curricular dentro da aula.

-Actividades para a implicación das familias:

A comunicación coas familias terá lugar cando se precise a súa colaboración no desenvolvemento das distintas actividades que se leven a cabo.

ITINERARIOS LECTORES

PROPOSTAS DE LECTURAS VOLUNTARIAS AGRUPADAS POR CURSOS:

TÍTULO	AUTOR	CURSO RECOMENDADO	
IMAGINE	John Lennon; il. Jean Jullien	2º ESO	Na Biblioteca
EL MARAVILLOSO MUNDO DE LA ÓPERA	Ana Alcolea		
EL VIOLÍN NEGRO	Sandra Andrés Belenguer	3º ESO	Na Biblioteca
EL SÍNDROME MOZART	Gonzalo Moure		Na Biblioteca
ASÍ COMO SUENA (Una historia insólita de la música clásica)	Lawrence Lindt		Na Biblioteca
A CAPELLA (Diccionario de citas de la música y los músicos)	Ian Crofton/Donald Fraser		Na Biblioteca
PLAYLIST (Rebeldes y revolucionarios de la música)	James Rhodes		Na Biblioteca
NODAME CANTABILE	Tomoko Ninomiya		4º ESO
EL VIOLÍN DEL DIABLO	Joseph Gelinek	Na Biblioteca	
DÉCIMA SINFONÍA	Joseph Gelinek		
LAS DOS MUERTES DE MOZART	Joseph Gelinek		
IT'S ONLY ROCK AND ROLL (Una historia del rock ilustrada)	Susana Monteagudo/ Marta Colomer	Na Biblioteca	
¿DO RE QUÉ?	Federico Abad	1º BAC	
DE MADONNA AL CANTO GREGORIANO	Nicholas Cook		Na Biblioteca
ESTRENO EN BERLÍN	Koldo Bravo		Na Biblioteca
CANTO CASTRATO	César Aira	2º BAC	Na Biblioteca
MÚSICA Y PALABRAS (Cartas escogidas de los grandes compositores)	Rafael Esteve		Na Biblioteca
MEMORIAS DE UN AMNÉSICO y otros escritos	Erik Satie		Na Biblioteca

WEBS CON NOVAS E INFORMACIÓN DE CARÁCTER MUSICAL:

jenesaispop.com/

WEB con novas en español sobre a actualidade musical independente, críticas de discos, cine, concertos e televisión.

mondosonoro.com/

Revista musical independente e gratuita fundada en Barcelona en 1994 pola editorial Sister Sonic.

feiticeira.org/

Rock, pop, indie, hardcore, metal, electrónica. Actualidade de discos, concertos e festivais, crónicas e entrevistas.

elenanorabioso.com/

El Enano Rabioso é unha web independente dedicada a informar sobre música, cine e outras actividades artísticas.

classicsforkids.com/

Exercicios, audicións, biografías e actividades para nenos e nenas, relacionadas coa música clásica.

bachtrack.com/

Revista internacional de música clásica, ópera, ballet e danza, con entrevistas e artigos de interese.

melomanodigital.com/

Ópera, sinfonías, zarzuela, discografía, entrevistas e moito máis sobre a música clásica.

galiciantunes.com/

A plataforma da música feita en Galicia.

ghastaspista.com/

Páxina especializada nas novidades discográficas da música galega, con arquivos de son, novas de actualidade, etc.

Os **criterios de avaliación** do Plan anual de lectura son os seguintes:

- Os dispostos na programación curricular dos diferentes cursos para a avaliación da competencia lectora.
- A lectura de libros recomendados e a realización de actividades sobre os mesmos poderá supoñer ata un 5% do total da nota da avaliación.
- A participación nas actividades de fomento da lecto-escritura ou doutro tipo relacionadas co contido curricular (expresión artística, oral...) valorarase ata nun 5% na nota global da avaliación.
- A avaliación do seguimento da Hora de Ler farase de xeito global en cada grupo ou clase, axudando a valorar e tomar decisións con respecto á súa utilidade ou á conveniencia de introducir cambios na dinámica da mesma para que resulte máis operativa.

Dende o departamento promoverase o uso da Biblioteca e dos recursos que nela se atopan:

- Informando da existencia de materias bibliográficas relacionados coa materia que podan servir para investigar, estudar, repasar ou afondar en contidos tratados na clase.
- Empregando a biblioteca como aula co alumnado para actividades de promoción da lectura (Hora de Ler), ou para a realización de traballos, cando o material que alí existe sexa de interese para traballar sobre el.
- Promocionando as actividades que dende a biblioteca se realizan (concursos, traballos, exposicións, blogue...) para que o alumnado tome parte nelas tanto dende o punto de vista de espectadores como de partícipes activos nas mesmas.

Propóñense tres aspectos particulares sobre os que facer un seguimento ao longo do curso:

- O aproveitamento da Hora de Ler.
- A mellora na comprensión lectora do alumnado.
- A mellora nas competencias relacionadas coa educación documental e a alfabetización informacional.

Para o primeiro destes tres aspectos abonda coa mera observación da aula durante o tempo dedicado a esta actividade (cantidade de alumnos e alumnas que traen o material necesario para a Hora de Ler, grao de concentración na lectura, interese por realizar a propia actividade, etc).

Para os outros dous, entendendo que se trata de procesos de adquisición de competencias que poden levar tempo parece axeitada a súa avaliación a fin de curso. O grao de mellora na comprensión lectora resulta da comparación entre o nivel de comprensión existente nese momento e o detectado a principio do curso. Mentres que o referido á alfabetización informacional se pode constatar vendo a mesma evolución dos traballos de investigación feitos por alumnos e alumnas ao longo do ano escolar.